
ÍNDICE

- 1- LICENZAS
- 2- SOLICITUDE
- 3- DOCUMENTACIÓN
- 4- CAMBIO DE CLUB
- 5- APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS

1.- LICENZAS

1.1. Concepto.

As licenzas deportivas únicas son documentos emitidos pola FGTA que permiten ao seu titular participar nas actividades de carácter deportivo ao amparo das normas establecidas para cada unha das actividades e competicións.

A licenza é a única que habilita para portar e utilizar os arcos no ámbito da cobertura da mesma.

Non se poderá participar en ningún evento deportivo sen que o titular estea en posesión da preceptiva licenza federativa.

1.2. Tipos.

- Licenza de club
- Licenza de arqueiro/a
- Licenza de monitor/técnico
- Licenza de xuíz
- Licenza recreativa de iniciación ou novel

1.3. Validez.

A validez das licenzas é a da tempada deportiva, isto é: do 1 de outubro ata o 30 de setembro do seguinte ano, As mesmas se solicitarán no período de renovación anunciado na circular correspondente.

1.4. Datos.

Na licenza figurarán os seguintes datos: nome, apelidos, DNI, número de licenza, categoría e indicación do tipo de licenza (arqueiro, técnico, xuíz); así como o prezo da mesma e os datos sobre a cobertura obrigatoria dos seguros.

Os menores que no teñan tramitado o seu DNI deberán facelo antes de solicitar a licenza.

1.5. Portabilidade e uso da licenza.

A licenza debe ser portada obrigatoriamente polo titular da mesma xunto co seu equipo, e deberá presentala en calquera actividade na que participe dentro ou fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo válida en todo o territorio nacional. O uso indebido da licenza será responsabilidade da persoa titular da mesma.

2.- SOLICITUDE

2.1. As persoas solicitarán a licenza por vontade propia.

2.2. A solicitude será obrigatoriamente a través dun club inscrito na FGTA, con licenza en vigor.

2.3. Para ter dereito a solicitar a licenza de técnico ou xuíz será necesario ter superado os cursos convocados a tal efecto pola FGTA ou pola RFETA.

2.4. As solicitudes de licenzas realizaranse a través do sistema de xestión de licenzas Playoff seguindo as indicacións da circular de licenzas publicada ao efecto.

2.5. A solicitude de licenzas deberase realizar polo propio club. A presentación dos documentos orixinais, cando proceda, realizarase a través de correo ordinario ou certificado.

2.6. Todas as solicitudes de licenzas novas deberán estar asinadas polo solicitante e avaladas polo club, coa sinatura do presidente ou secretario do mesmo.

3.- DOCUMENTACIÓN

3.1. Os documentos a incluír son os seguintes:

- Formulario de solicitude (Anexo IV) no caso de licenzas novas de arqueiros, técnicos ou xuíces, de menores de idade ou cambios de club.

- Formulario de solicitude (Anexo V) no caso de licenzas recreativas de iniciación ou novel.

- Documento de información e compromiso de deportistas (Anexo I), se é a primeira vez que solicita licenza.

- Documento de información e compromiso de técnicos e xuíces (Anexo II), se é a primeira vez que solicita licenza.

- Documento de información e compromiso de club (Anexo III), se é a primeira vez que solicita licenza.

- Documento de información e compromiso de clubs co Playoff, se é a primeira vez que solicita licenza ou cambia a persoa responsable de incluír os datos no sistema.

3.2. No caso de solicitude de licenza nova ou de iniciación deberán aportarse ademaisos seguintes documentos escaneados: DNI.

No caso de deportistas menores de idade, o seu pai/nai/representante legal deberá asinar nos lugares indicados en cada un dos documentos.

Dadas as características deste deporte, un técnico titulado, deberá avaliar a capacidade e aptitude dos arqueiros que soliciten licenza federativa por primeira vez, e que será o que emita o correspondente certificado de aptitude do deportista, cubrindo o apartado correspondente no formulario de solicitude.

3.3. Os deportistas deberán autorizar á FGTA á utilización dos datos persoais para os fines da licenza, asinando o Anexo I (arqueiros/as) e o Anexo II (monitores e xuíces), por unha soa vez. Os clubs deberán autorizar á FGTA á utilización dos datos para os fines da licenza asinando o Anexo III e o Compromiso co Playoff, No caso de que o deportista fora menor de idade no momento de solicitar unha licenza nova, o seu representante legal deberá facer constar a súa conformidade dentro do apartado observacións do impreso de solicitude.

3.4. O titular da licenza poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación ou cancelación respecto dos datos de carácter persoal incorporados no ficheiro de datos da FGTA, dirixíndose por escrito á secretaría da FGTA.

4.- CAMBIO DE CLUB

De non mediar comunicación algunha dende a solicitude da licenza, os deportistas competirán a través do club polo que a tivesen solicitado. Si un deportista quere cambiar de club ao longo do ano, deberá comunicarllo ao seu club de procedencia, quedando constancia da aceptación deste.

Unha vez realizada esta comunicación, deberá comunicarllo tamén á FGTA, acompañando copia do escrito remitido ao club de orixe, así como unha certificación do/a secretario/a do novo club dando fe da súa afiliación, para que dende a FGTA se tramite o dito cambio.

Un deportista non poderá participar durante a mesma tempada nunha competición por equipos con dous clubs diferentes.

5.- APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS

Normativa aprobada na Asemblea Xeral do 9 de abril do 2006.

Normativa modificada na Asemblea Xeral do 5 de abril do 2009.

Normativa modificada na Asemblea Xeral do 10 de abril do 2011.

Normativa modificada en Comisión Delegada do 27 de novembro de 2011.

Normativa modificada na Asemblea Xeral do 22 de abril do 2012.

Normativa modificada na Comisión Delegada do 2 de abril de 2016.

Normativa modificada na Asemblea Xeral do 23 de abril de 2016.

Normativa modificada en Comisión Delegada do 17 de outubro de 2019